



Servicios Externos
mjgr

PREGO DAS CONDICIÓNS TÉCNICAS DOS TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE NARÓN



Servicios Externos
mjgr

PREGO DAS CONDICIÓN S TÉCNICAS DOS TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE NARÓN

ÍNDICE

- 1. Obxeto do presente Prego**
- 2. Pregos de Prescripci3ns T3cnicas**

A.- Prego de mantemento normal

- 1. Requisitos xerais**
- 2. Cartografía**
- 3. Variaci3n de superficie de actuaci3n**
- 4. Control da prestaci3n dos servizos**
- 5. Maquinaria, 3tiles, ferramentas e veh3culos**
- 6. Persoal**
- 7. Seguro**
- 8. Labores que alcanzan o servizo**
 - 8.1 Conservaci3n de xard3ns**
 - 8.2 Reposici3n**
 - 8.3 Conservaci3n e mantemento das 3rbores**
 - 8.4 Conservaci3n e mantemento de palmeiras**
 - 8.5 Conservaci3n e mantemento de xardineiras**

B.- Prego de mantemento especial

- 1. Requisitos xerais**
- 2. Cartografía**
- 3. Variaci3n de superficie de actuaci3n**
- 4. Control da prestaci3n dos servizos**
- 5. Maquinaria, 3tiles, ferramenta e veh3culos**
- 6. Persoal**
- 7. Seguro**
- 8. Labores que alcanza o servizo**
 - 8.1 Conservaci3n**
 - 8.2 Plantaci3n**
 - 8.3 Conservaci3n e mantemento das 3rbores**
 - 8.4 Conservaci3n e mantemento de palmeiras**

- 3. Prezo m3ximo**
- 4. Relaci3n de xard3ns**



NARÓN

Servicios Externos
mjgr

1. OBXETO DO PREGO

**PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS DOS
TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E**



Servicios Externos
mjgr

MANTENIMENTO DAS ZONAS VERDES SITAS EN DIFERENTES ZONAS DO CONCELLO

1. OBXETO DO PRESENTE PREGO

O obxecto do presente Prego de Condicións Técnicas é o de fixar as bases que regularán a contratación dos traballos de conservación, mantemento e mellora das zonas verdes do Concello e das árbores e xardineiras sitas na vía pública.

Os traballos e servizos a realizar nas zonas verdes se clasifican en:

- **Mantemento normal:** aplicarase nos xardíns dotados dunha xardinería especializada con céspede, parterres e rego automático, do cal o valor estético se desexa incrementar coas naturais melloras que o tempo e o cuidado exhaustivo e permanente producen.

A superficie de mantemento normal é de 43.873 m²

- **Mantemento especial:** aplicarase ós xardíns, praderías e taludes de prantas autóctonas e sen rego que, polas súas características, non necesitan un mantemento continuo.

A superficie de mantemento especial é de 234.701,50 m²

- **Mantemento de árbores de alineación:** 537 unidades.
- **Mantemento de xardineiras sitas nas rúas e prazas:** 18 unidades.



Servicios Externos
mjgr

2. PREGOS DE PRESCRIPCIÓNs TÉCNICAS



NARÓN

Servicios Externos
mjgr

A. PREGO DE MANTEMENTO NORMAL

A. PREGO DE MANTEMENTO NORMAL

1. REQUISITOS XERAIS



Servicios Externos
mjgr

O Adxudicatario, có persoal idóneo en número e competencia profesional, así como cos equipos de maquinaria e ferramentas adecuados, atenderá debidamente en tempo e forma a realización das labores que se especifican no presente Prego.

O nivel de prestación dos servizos que se describen deberá ser tal, que o estado actual das zonas verdes se incremente estética e fisiolóxicamente coas naturais melloras que o tempo e coidado permanente producen, dacordo coas normas e criterios do Departamento de Servizos Externos.

O adxudicatario terá a obriga de efectuar tódolos traballos nas zonas verdes (incorporación de rego automático, sembras, plantacións, amaño de bordo, camiños novos ...) en función das ordes do Xefe de Servizos Externos, previa presentación e aprobación do correspondente presuposto. O persoal que realice estes traballos de mellora será distinto ó persoal ofertado para a conservación dos xardíns.

O adxudicatario deberá dispoñer de conexión a Internet para facilitar a transmisión dos datos que se soliciten desde o Concello. Asimesmo, dispoñerá de cámaras dixitais para efectuar as fotos que se precisen para a elaboración de informes relacionados cos actos vandálicos, accidentes, etc.

O adxudicatario deberá informar ó responsable municipal de tódolos desperfectos observados no equipamento municipal e plantacións no transcurso da realización de seus traballos.

O adxudicatario deberá atender os traballos considerados de urxencia no prazo de 48 horas.

2 CARTOGRAFÍA

2.1 A empresa encargada da conservación e mantemento deberá dispoñer dos planos en soporte informático de cada un dos xardíns asignados, que son obxeto do contrato, de maneira que, cumpridos tres meses desde a adxudicación, o Concello poderá solicitar o plano de calquer xardín ou zonas a manter, o cal será entregado, actualizado a data da solicitude, nun prazo non superior a 15 días. Este plano deberá conter todos aqueles detalles planimétricos susceptibles de ser incluídos nunha cartografía a escala 1/500, sendo seu obxeto non só ter un fiel reflexo da realidade xeográfica da zona senon que ademáis conseguir unha representación rigurosa dos elementos da xardinería e seu rego.

Para a altimetría se utilizarán curvas de nivel cunha equidistancia de 0,5 m., reflexando unha curva maestra cada 2, 5 m. Tamén se utilizarán puntos acotados en zonas de pouco desnivel, sendo mínima a distancia entre eles de 80 m.

2.2 Condicións e forma de entrega do plano:

2.2.1 Condicións

Para a altimetría se usarán curvas de nivel cunha equidistancia de 0,5 m. reflexando unha curva maestra cada 2,5 Tamén se usarán puntos acotados en zonas de pouco desnivel, sendo a distancia mínima entre eles de 80 m.



O grao de detalle da planimetría será o adecuado para unha cartografía a escala 1/500 con tódalas entidades codificadas e estruturadas por niveis ou capas dacordo á codificación utilizada polos servicios municipais para súa cartografía de referencia. Así se representarán: bancos, fontes bebedeiro, verxas e barandillas, farolas, xogos infantís, papeleiras, contadores, etc.

Ademáis, nel se reflexarán tódalas entidades relacionadas coa xardinería e seu rego, como son: límite de zona verde, límite de sustrato, árbore, arbusto, macizo, seto, pedra ornamental, xardineiras, aspersor, programador, válvula, chave de auga, etc. ... Determinadas entidades deste plano (árbores, arbustos, xardineiras, etc.) serán susceptibles de ser codificadas de maneira que poidan ser asociadas a unha base de datos que contenga as características de cada elemento.

2.2.2 Entrega

- Sobre soporte de papel en formato normalizado (DIN). A escala 1/500 ou superior, en cor e con lenda de signos convencionais.
- Sobre soporte cdrom. En formato dixital en ficheiro “dwg” para súa utilización co programa Autocad. Será o Departamento de Servicios Externos quen marque as pautas en canto á forma de entrega.

3 VARIACIÓN DA SUPERFICIE DE ACTUACIÓN

O adxudicatario estará obrigado a admitir para súa conservación as zonas verdes e o arbolado que, con motivo dunha obra nova, ampliacións, recepcións, etc., incrementen a superficie de actuación. Dependendo do tipo de mantemento a realizar, se aplicarán as condicións económicas que queden determinadas no contrato.

No caso de diminución das zonas a conservar e previo aviso, se realizará o expediente de detracción económica que corresponda pola superficie non conservada.

4 CONTROL DA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS

4.1 O Xefe do Departamento de Serviciuos Externos controlará en todo momento a forma de prestación dos diferentes servizos adxudicados en relación coas especificacións do presente Prego.

O persoal que vaya a despeñar o servico de inspección, terá acceso ós locais e dependencias que o adxudicatario teña destinados para o mantemento e lle serán facilitados cantos datos precisen con respecto o seu funcionamento.



Servicios Externos

mjgr

4.2 Con periodicidade mensual a empresa proporcionará:

Un parte para todo o persoal, vehículos e medios mecánicos empregados que poderá ser complementado con todos aqueles outros partes e comprobantes que o Departamento de Servizos estime necesarios, tanto con fines estadísticos como para o mellor control dos servizos contratados.

Un plan de actuación, coordinado cos Técnicos de Servizos Externos, no que se especificarán os traballos a realizar durante o mes seguinte.

No caso de dúbidas de interpretación, sobre si a operación a realizar está íntegramente incluída no Prego, o adxudicatario consultará ó Técnico do Servizo, o cal resolverá, considerándose tal resolución de obrigado cumprimento, sen prexuízo da posibilidade ás posteriores reclamacións á que houbera lugar por parte do adxudicatario.

5 MAQUINARIA, ÚTILES, FERRAMENTA, VEHÍCULOS E LOCAIS

5.1 O adxudicatario dispoñerá da maquinaria e medios auxiliares necesarios para o desenvolvemento das labores previstas.

A adquisición de todo tipo de material e maquinaria necesaria para a prestación do servizo será por conta e cargo do adxudicatario, así como os gastos de conservación e mantemento para un perfecto estado de funcionamento durante o período de vixencia do contrato.

5.2 Os licitadores deberán facer constar expresa e detalladamente os vehículos coas súas matrículas, potencia, modelo e marca que decidan adscribir ó servizo, tendo en conta que deberán prever a suficiente reserva para que baixo ningún concepto se entorpeza a marcha normal dos traballos.

5.3 O adxudicatario deberá dispoñer dunha oficina con elementos suficientes: teléfono, fax, correo electrónico, ordenador, etc., de forma que permita unha comunicación rápida e fluída co Concello.

5.4 O adxudicatario dispoñerá dun local ou nave de dimensión suficiente para o seu uso como almacén e dun viveiro localizado para poder depositar o material que fose necesario (árbores, xardineiras, etc.).

6. PERSOAL

6.1 O adxudicatario contará cón persoal necesario en cada momento e, época do ano para a boa execución das labores de conservación, debendo reflexarse na oferta o equipo mínimo previsto.

O fronte deste equipo estará un Enxeñeiro Técnico Agrícola coa especialidade de xardinería ou un Enxeñeiro Agrónomo, quen dirixirá persoalmente os traballos de mantemento, especialmente os de poda. Dito técnico se persoará sempre que o soliciten os Técnicos Municipais, para iso, deberá contar cun equipo de telefonía móbil que permita a súa localización en todo momento durante o horario laboral. Así mesmo, se contratarán os servizos dun especialista en arboricultura cando o requira a propiedade.



Con periodicidade trimestral se notificarán por medio dos TC2 os nomes, categorías e demais datos relacionados co servizo, tanto dos técnicos como dos operarios que terán que cubrir o cadro de persoal para o desempeño das misións a que se refire o presente Prego, así como, as variacións que se produzan no mesmo podendo a Administración propoñer o cambio dos técnicos e persoal que non sexa considerado idóneo para o servizo obxecto da contrata.

Na oferta farase constar o horario laboral proposto dacordo coa organización dos traballos previstos. Dito horario someterase á consideración do Departamento de Servizos Externos.

Tódolos operarios irán provistos de uniforme identificativo, equipo de seguridade persoal, có visto bó da Xefatura de Servizos.

En todo momento, a empresa adxudicataria e o persoal adscrito a dita contrata deberán cumprir coa reglamentación vixente relativa ás Normas de Seguridade e Saúde no Traballo, incluíndo, os custos da aplicación das mesmas.

En ningún suposto o persoal empregado da empresa adxudicataria poderá considerarse coa relación laboral, contractual, funcionarial ou de natureza algunha respecto ó Concello debendo dita empresa de ter debidamente informado o seu persoal de dito extremo.

O Concello deberá ser informado de calquera alteración no número e cualificación do persoal, presentando na oferta obxecto do presente Prego para a súa aprobación, si procede, polo Servizo Técnico Municipal.

A empresa adxudicataria comprométese a ter debidamente dado de alta ó persoal no Réxime Xeral da Seguridade Social e cumprir tódalas obrigacións legais contractuais respecto do mesmo, debendo acreditarse ó pago das cotizacións sociais ante o Concello, sendo causa de resolución do contrato de conservación o estar o descuberto nas cuotas da Seguridade Social.

7. SEGURO

En prevención de posibles accidentes, non só de seus operarios, senon de danos a persoas ou bens mobles ou inmobles, se esixirá que polo contratista se suscriba unha póliza de seguro de responsabilidade civil de danos a terceiros con garantía de 600.000 euros e de accidentes de convenio, nun prazo máximo de 30 días, a partir da notificación da adxudicación.

Durante as tarefas de mantemento, será da súa exclusiva competencia e risco todo o referente a accidentes de traballo e normas de seguridade.

8. LABORES QUE ALCANZA O SERVIZO

O conxunto de labores que han de realizarse para garantir o bó estado das zonas verdes é o que a continuación se detalla:

- Conservación e mantemento de xardíns
- Reposición
- Conservación e mantemento de árbores
- Conservación e mantemento de palmeiras
- Conservación e mantemento de xardineiras



Servicios Externos
mjgr

8.1 CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS

Corresponde ó conxunto de labores que terán que realizarse para preservar as zonas verdes en perfecto estado botánico e ornamental, desglosándose en:

- a) Regos e mantemento da instalación de rego
- b) Segade de céspedes
- c) Sembrado e resembrado
- d) Recortes e poda con tesoiras
- e) Abonados
- f) Escarificados
- g) Aireación
- h) Recebos
- i) Entrecavado
- j) Rastrillado
- k) Tratamentos fitosanitarios
- l) Tratamentos herbicidas
- m) Conservación do trazado, setos e perfilado do céspede
- n) Recebado de camiños, paseos, zonas de reposo e xogos infantís

As anteriores labores se realizarán axustándose ás condicións particulares seguintes:

a) Regos e mantemento da instalación de rego

- Regos:

Nos xardíns no que exista rego automático, se efectuará a programación de tempos de rego e frecuencias de acordo coas necesidades hídricas de cada período.

O momento máis idóneo para regar serán as primeiras horas da mañá e as últimas da tarde.

Os xardíns que non contan con rego, así como as árbores de alineación en rúas e xardineiras regaranse con manguera e/ou cisterna.

O auga consumida será por conta do Concello, debendo o adxudicatario non empregar máis auga da estritamente necesaria para o rego, coidando que non se produzan perdas por bocas de rego mal pechadas ou calquer outro motivo e avisando inmediatamente ó Concello en caso de producirse calquer avaría.

Se por incumprimento deste extremo ou como consecuencia dunha incorrecta realización dos regos se produxeran derrames de auga, erosións do terreo ou outros prexuízos, o adxudicatario restablecerá pola súa conta a zona danada o seu estado primitivo e abonará, no seu caso, o importe do volume de auga derramada.

Previa autorización, o adxudicatario poderá realizar o seu cargo melloras na rede de rego, as cales quedarán en propiedade do Concello.

- Mantemento da instalación de rego:

O adxudicatario deberá manter en perfecto estado toda a instalación de rego repoñendo calquer parte da mesma que se deteriore polo mal uso.



Servicios Externos
mjgr

Se por vandalismo houbera que repoñer algún elemento da instalación, se abonará únicamente o custo dos materiais, entendendo que a man de obra necesaria está incluída.

As roturas ou desperfectos provocados por causa alleas deberán se comunicados ó Servizo inmediatamente, e antes de proceder á súa reparación.

O revisado e posta a punto ó comenzo da época de déficit hídrico será a cargo do adxudicatario, tendo que repoñer á súa costa todos os elementos deteriorados como aspersores, difusores, electroválvulas, tuberías, programadores, a menos que, durante a a época invernal se comunique ó Servizo os deterioros que se vayan producindo.

Se comprobará durante os meses de rego, de forma rutinaria, o funcionamento dos aspersores e difusores, limpando boquillas, axustando radios e todo o necesario para o seu correcto funcionamento.

O mantemento comprende a revisión do sistema electrónico de programación, a revisión das electroválvulas, aspersores, difusores, tuberías, bocas de rego, arquetas e toda peza que forme parte da rede de rego.

b) Segá dos céspedes

- Frecuencia e tipo de corte:

Se realizarán coa frecuencia precisa para que a herba non alcance unha altura superior a 4 cm. sendo 12 días o prazo máximo entre segas, en caso de non alcanzarse a altura máxima.

A sega ten que ser realizada cun corte limpo, sen desgarras, para o cal, deberá comprobarse o perfecto afilado das coitelas. Despois da cada xornada de traballo se afilarán e desinfectarán. Cada máquina de sega irá provista de dous xogos de coitelas, unha delas de reposto, que se usará en canto a primeira perda limpeza de corte.

O perfilado se realizará en todo o perímetro, cortando e perfilando os bordos e retirando, inmediatamente, os restos. Esta labor se realizará dous veces ó mes durante os meses de maio a outubro, e unha vez o mes, durante o resto do ano. Esta labor inclúe perfilados de árbores, arbustos e parterres.

- Restos de sega:

Se retirarán de forma inmediata os restos de sega, non podendo quedar depositados nos xardíns, sendo responsabilidade da empresa, en caso de danos producidos pola presenza prolongada de produtos dos mesmos.

c) Sembra e resembra

En caso necesario se efectuarán as sembras ou resembra procurando que a época non coincida coa de máximas temperaturas.

Previo á sembra se realizarán as seguintes labores:



Servicios Externos
mjgr

1. Fresado do terreo e se incorporará un abono mineral (60-125 g/m²)
2. Pefilado do terreo
3. Pase de rotavotor dos 10 primeiros centímetros
4. Perfilado definitivo
5. Pase de rodillos
6. Preparación para a sembra cun rastrillado fino.
7. Cubrición con mantillo orgánico, procurando que a capa sexa aproximadamente de 1 cm. de espesor.
8. Primer rego

Anualmente o adxudicatario estará obrigado a repoñer ata un 15% da superficie plantada que se encuentre deteriorada polo uso ou vandalismo e cada dous anos, si se considera necesario, se podrá esixir a renovación completa do céspede.

d) Recortes e podas

Se realizarán na forma e época precisa para a mellor vexetación das plantas.

Para cada tipo de setos os Servizos Técnicos Municipais determinarán si o seu crecemento debe ser libre ou controlado, así como a frecuencia dos recortes.

e) Abonados

Se efectuarán os abonados necesarios para que o céspede, as plantas e as árbores teñan o necesario aporte nutricional, e polo tanto, un bó aspecto estético. Para iso se empregarán abonos de liberación lenta adecuados para cada época do ano e clase de solo. En caso necesario, a empresa adxudicataria xestionará e sufragará os correspondentes análises.

As labores de abonado se realizarán preferentemente mediante abonadora mecánica e o esparcido se realizará mediante pases cruzados.

Despois do abonado se efectuará un rego abundante.

En calquera caso, a empresa adxudicataria respetará a lexislación vixente sobre solos, abonos, fertilizantes, sanidade vexetal e medio ambiente, adaptándose ás Normativas Comunitarias, Estatais ou Autonómicas en relación co medio ambiente e contaminación de augas superficiais e do subsolo.

f) Escarificados

Esta operación consiste na rotura e aireación das capas superficiais do solo, donde a acumulación da materia orgánica poden formar una capa de feltro ou “tach” debido ós rizomas, estolóns, raíces, restos de sega secos ... Se utilizará a maquinaria adecuada para esta labor e, en caso necesario, se realizarán ata dous escarificados ó ano, un en primaveira e outro no outono.

g) Aireación

Anualmente se extraerá terra do solo mediante perforacións da superficie do céspede permitindo a súa descompactación e mellorando súa permeabilidade. Os fragmentos obtidos se retirarán e realizará unha aportación de humus e area silíceas nos ocios resultantes.

h) Recebos



Servicios Externos
mjgr

Despois do escarificado e/ou aireado, o adxudicatario está obrigado ó recebo con area silíceas de granulometría adecuada, con recibos orgánicos ou mixtos, asociados ou non con resembras. Esta operación se levará a termo, inmediatamente despois dun corte esparcendo unha mezcla de humus e area, deixando o descuberto as puntas da herba recién cortada.

DOSE: 4 Kg/m² de 1/3 de humus + 2/3 de area silíceas.

i) Entrecavado

As entrecavas se realizarán coa frecuencia necesaria nas zonas verdes dedicadas a arbustos e plantas de flor para manter unha boa estrutura do solo e a eliminación das malas herbas. Asimesmo, se retirarán as pedras, cascotes, trozos de ladrillo e calquer material estraño á propia terra. Seguidamente se fará un aporte de sustrato adecuado para manter as condicións idóneas do solo.

j) Rastrillado

Tódolos terreos de calquera das zonas a manter serán rastrillados frecuentemente e, en particular, despois de cada labor de entrecavado, eliminando dos macizos calquer material que non sexa a poropia terra, deixándoa totalmente limpa, aireada e sen ningún terrón de granulometría superior a 2 cm.

k) Tratamentos fitosanitarios

A empresa debe contar con autorización para a súa aplicación e figurar nos rexistros establecidos ó efecto. Nas datas oportunas, se realizarán os tratamentos previstos para impedir a iniciación ou propagación de calquera enfermidade ou plaga que poidera aparecer.

Na aplicación destes tratamentos se utilizarán medios, produtos e procedimentos modernos, eficaces, non tóxicos, nin molestos para as persoas, presentando previamente as correspondentes fichas de seguridade. Preferentemente usaranse produtos das categorías de baixa perigosidade (R/D 3349 de 1.983).

As horas de tratamento deberán ser tales que non cause prexuízos ó vecindario, incluso, en horario nocturno si se estimara convinte.

A empresa será responsable dos danos causados pola aplicación excesiva ou errónea de produtos fitosanitarios e de decidir o momento de actuar, según as condicións meteorolóxicas.

O Concello se reserva o dereito de solicitar, a costa do adxudicatario, os diagnósticos necesarios no caso de negligencia.

Nestes tratamentos será obrigatorio:

- A comunicación previa e por escrito a Servizos Externos, con indicación da fórmula, método e dosificación dos produtos a empreñar.
- A sinalización de toda a zona a tratar indicando a categoría do produto utilizado.
- Que a persoa que realice a aplicación esté en posesión do Carnet de Manipulador de Produtos Fitosanitarios.



Servicios Externos
mjgr

l) Tratamentos herbicidas

Nas zonas encespedadas se efectuarán polo menos dous tratamentos anuais, en primaveira e no outono, con carácter preventivo.

Si fose necesario efectuar máis tratamentos que os puramente preventivos, o adxudicatario, seguindo as instrucións dos Técnicos de Servizos, efectuará os adecuados para a eliminación das malas herbas.

Nos macizos, a eliminación de malas herbas poderá facerse mediante a aplicación de herbicidas selectivos. Súa utilización será notificada ó Xefe de Servizos Externos definindo o tipo de herbicida a utilizar, doses, etc.

m) Conservación do trazado de setos e perfilado do céspede

Se manterá o actual trazado de setos e perfís de pradeiras nas diferentes zonas, corrindo os desperfectos ou alteracións que se orixinen por causas naturais ou pola incorrecta realización das labores.

n) Recebado de camiños, zonas de reposo e xogos infantís

Se levarán a cabo na forma e no momento en que as condicións físicas dos mesmos o requiran e, sempre que, a xuízo do Xefe de Servizos Externos se considere oportuno.

O material será suministrado polo Concello ou poderá ordear a súa compra ó adxudicatario, pagando posteriormente.

8.2 REPOSICIÓN

Estas labores consistirán na substitución, renovación ou resembrado das plantas permanentes ou de temporada, arbustos, árbores e zonas de céspede que houberan perdido ou diminuído considerablemente súas características ornamentais, ou ben, que seu precario estado botánico faga prever tal situación para seu futuro próximo.

- Obrigacións:

No caso das plantas de temporada, o adxudicatario efectuará a reposición dúas veces o ano, en igual densidade, tamaño e especie que a que existía anteriormente. En caso de variación se consultará có Servizo.

CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ÁRBORES

a) Árbores con importante índice de perigosidade.



Servicios Externos

mjgr

- b) Podas.
- c) Traballos de plantación.
- d) Mantemento e conservación de tutores, protectores, pilóns, suxeccións e entramados das árbores públicas.
- e) Rego do arborado público.
- f) Desbroce, preparación do solo, acolchado e outros traballos nas gabias e círculos perimetrales de plantacións de árbores públicas.
- g) Aplicación de produtos fitosanitarios en árbores de alineación nas rúas.

a) Árbores con importante índice de perigosidade

Toda-las árbores posúen un certo risco de producir accidentes por rotura ou caída que se incrementa coa idade e o tamaño dos mesmos. Có mantemento e a vixiancia se pretende cegar a un nivel de risco aceptable que faga compatible a seguridade có tratamento adecuado do arbolado.

As inspeccións a realizar polas empresas deben convertirse nun proceso sistemático avisando inmediatamente de calquer posible problema que se detecte.

Para diagnosticar danos nas árbores é necesario coñecer a estrutura e fisioloxía da árbore, ter destreza visual para diferenciar entre un defecto leve e unha posible fractura, polo que se deberán realizar inspeccións periódicas por un especialista en arboricultura, emitindo os informes que se requiran por parte do Concello.

En caso de ser necesario, se usarán os instrumentos seguintes:

- Martelo de impulsos /Arbosonic.
- Resistógrafo.
- Fractómetro.

Os estudos irán a cargo do concesionario ata un máximo de trinta árbores anuais.

No contido do informe entre outras observacións, se fará constar o seguinte:

- Entorno da árbore
- Observación da copa, aspecto vital, ramas que poideran desprenderse ...
- Cavidades en ramas principais e tronco.
- Base do tronco e raíces máis próximas.
- Puntos de maior risco potencial.
- Defectos estruturais das árbores.
- Evaluación da gravidade do defecto.
- Diagnóstico final (poda, tala ...).

b) Podas

O técnico deseñado para dirixir o mantemento deberá estar sempre presente nos traballos de poda.

Con respecto á poda son de abrigo cumprimento as seguintes normas:

1. Sinalización:



Os traballos de poda se sinalizarán convenientemente, respetando as distancias de seguridade ás liñas eléctricas e dispoñendo dos medios materiais e humanos necesarios para evitar calquer incidencia tanto respecto ós peóns como ós vehículos.

2. Ferramentas e medios auxiliares:

O adxudicatario aportará toda-las ferramentas, maquinaria, escadas e vehículos con cesta telescópica para a boa execución dos traballos, asimesmo dispoñerá en caso necesario, de plataforma elevadora autoportante, capaz de elevar a cestilla a 18 m. de altura con tracción ás catro rodas, capacidade de carga de 210 Kg. Mínimo e velocidade de desprazamento a 5 Km/hora.

3. Desinfección:

As ferramentas utilizadas na poda, restauración e saneamento. Se desinfectarán de árbore en árbore, sendo responsable a empresa adxudicataria da queima dos restos da poda daquelas árbores nas que se detecte algunha enfermidade previo aviso ós Tecnicos Municipais.

4. Frecuencia e técnicas a empregar:

A frecuencia e técnica de poda estará en función da especie de árbore, tamaño e época do ano. Como mínimo se efectuará a limpeza de ramas mortas, rotas, con corteza incluída, cruzadas, mal orientadas, rozadas ou fundidas.

5. Época de poda:

A poda se realizará durante todo o ano, pero principalmente durante a época de parada vexetativa que para as principais especies de noso municipio será de novembro a marzo e do 15 de xullo ó 15 de agosto. Estas épocas poden oscilar en función da climatoloxía.

En ningún caso se permitirá a poda durante a BROTACIÓN ou cando as árbores de folla caduca estén PERDENDO A FOLLA.

6. Actuacións prioritarias:

Cando os condicionantes urbáns o requiran, se efecturán podas naquelas árbores mal situadas, en especial para favorecer o paso de vehículos, a visibilidade de sinais e semáforos ou debido á proximidade excesiva das ramas ás fachadas dos edificios.

7. Consideracións sobre a poda:

- Os cortes de poda deberán facerse tan próximos ó colar da rama como sexa posible, sin que este sexa afectado ou danado.
- O corte será liso.
- En ningún caso estará permitido o corte a ras de ningunha rama por pequena que esta fose.
- O corte se executará á altura dunha rama tirasavias, xa sexa a poda de formación ou de mantemento.
- En ningún caso estará permitido o corte das guías ou ramas principais, os desmochados ou terciados, salvo indicación expresa.
- Có fin de evitar rachóns en ramas de máis de 10 cm. de diámetro, se efectuarán dous cortes previos a máis de 20 cm do colar, o primeiro desde abaixo e ata a médula da rama e o segundo desde arriba. Posteriormente se eliminará o tocón cun corte limpo.



Servicios Externos
mjgr

- As árbores con tocóns ou copas deformadas por podas drásticas e indiscriminadas da súas ramas, serán podadas de forma que recuperen paulatinamente a súa superficie foliar e súa conformación de copa para aumentar súas reservas enerxéticas e súa capacidade de defensa contra enfermidades.
- En ningún caso as podas afectarán ás “cabezas inchadas ou de gato” naqueles exemplares nas que estas se formaran.
- En ningún caso se podarán os chupóns que saliran do tronco ou ramas das árbores durante os dous primeiros anos desde o seu nacemento, ó estar vinculados ó mecanismo de supervivencia dos mesmos.
- A corta de ramas mortas se fará tan próxima como sexa posible ó anel. En caso de dúbidas sobre a vitalidade dunha rama a cortar, se efectuará a proba do “Permanganato potásico” para comprobar a súa vitalidade.
- Se a corteza do tronco e a rama dunha árbore se comprimen ou existe codominancia entre dúas ramas, a poda se fará cortando a rama a 20 cm. da intersección para executar posteriormente un corte de abaixo a arriba pola parte inferior e hacia o exterior de forma oblicua ata o punto de intersección.
- Coas podas de formación se regulará o tamaño e forma das árbores xoves dacordo coas instrucións dadas pola dirección facultativa.
- En ningún caso se farán podas de formación antes do terceiro ano de plantación.

8. Aplicación de produtos:

Non se aplicarán pinturas ou outros produtos ás feridas das árbores sen autorización expresa da dirección facultativa.

9. Árbores de especial interese:

Nas árbores sobresaíntes ou catalogadas, susceptibles de podas, se marcarán previamente con rotulador indeleble os cortes propostos por parte do adxudicatario para a súa aprobación pola dirección facultativa.

10. Dirección:

As podas estarán dirixidas persoalmente polo Técnico diplomado.

11. Talas:

En caso de que os resultados do informe do especialista en Arboricultura indique que é necesario talar unha árbore, o adxudicatario deberá realizar a tala de dez árbores anuais sen custo para o Concello, incluíndose a retirada da madeira e do cepo ó vertedoiro autorizado. A partir da décima árbore se presentará un presuposto que deberá ser aceptado polo Xefe de Servizos Externos.

12. Realización das prácticas de poda:

a) Os traballos de poda requiren persoal formado especialmente.

b) A realización das prácticas de poda se rexirán polo coñecimentos de Biología de Alex Shigo.



Servicios Externos
mjgr

- c) Á hora de realizar os cortes e elexir ramas, se seguirán as teorías de Pierre Raimbault.
- d) Os coñecimentos de Biomecánica según Claus Mattheck.

c) Traballos de plantación

a) PLANTACIÓN DE ÁRBORES.

1. As plantacións de árbores variarán en función das necesidades, definindo en cada caso o número de árbores a plantar, distancias especie, tamaño, dimensións do oco, disposición da raíz, sustrato, época de plantación.
2. As plantacións deberán realizarse, no posible, durante o período de reposo vegetativo, excluindo os días de xeadas, de forte vento e choivas.
3. Os vexetais de climas cálidos, como palmeiras, cactáceas e yucas se plantarán no verán.
4. A plantación de especies cultivadas en contedor poderá facerse en calquera momento, incluído o verán, evitando facelo en épocas de xeadas.
5. O nivel da terra vexetal nas plantacións deberá coincidir coa base do tronco xusto donde as raíces comencian a ramificarse. Para evitar confusións se marcará dita línea en tódalas árbores previamente a súa plantación con tiza ou rotulador forestal de cor vermello indeleble.
6. Non se poderán añadir pedras, gravas ou outros materiais que produzan ocos baixo as raíces das árbores plantadas.
7. Non se poderán plantar flores, céspedes ou outros vexetais nas inmediacións dos troncos de forma que poidan competir coas raíces das árbores.
8. Non se poderá asfaltar, formigonar ou compactar o terreo arredor da base das árbores establecidas, respetando en todo momento as superficies, composición e granulometría das terras definidas no proxecto de plantación e no presente Prego.
9. No caso de plantacións en solos pesados, arxilosos e pouco drenados, se plantará sobre un montón de terra e en forma que se adapte ó crecemento das raíces. Previamente e en lugar de plantación, se romperá o solo orixinal para favorecer o enraizamento en profundidade.
10. No caso de que as raíces das árbores plantadas non sexan estables, se abrazarán os mesmos polo tronco, tan baixo como sexa posible, ata lograr a súa estabilidade, deixando oscilar a copa lixeiramente.
11. As abrazadeiras serán de banda ancha (polo menos 10 cm.), de material brando, quedando prohibidos arames ou cables aínda que estén recubertos con mangueras. O tempo máximo de amarre será de dous anos desde o momento da plantación.
12. Non se poderán envolver os troncos con telas, tecidos de estopa ou outros materiais que impidan o contacto do mesmo có aire e os raios solares.



Servicios Externos
mjgr

13. Nas árbores plantadas có cepellón, se retirarán as cordas, arames non biodegradables, o tecido de estopa e se examinarán as raíces sen romper o cepellón. Se houbera raíces rotas ou machacadas se podarán dacordo có presente Prego.
14. Non poderán plantarse árbores a raíz limpa e que as raíces non se atopen con moita humidade e protexidas do sol e que o seu traslado desde o viveiro non se realice o mesmo día.
15. Se definen como sustratos aceptables para a plantación de árbores, os que reúnan as condicións correspondentes a unha terra franca ou franco-areosa, con suficiente materia orgánica e elementos nutritivos; asimismo non terá elementos grosos superiores a 5 cm. e os comprendidos entre 1 e 5 cm non superarán o 3% do total.
16. Se aplicarán abonos en forma de pastillas ou granulados de disolución gradual especiais para especies arbóreas, que duren polo menos 1 ano no terreo.
17. Se no momento de efectuar a plantación existira un cepo dunha árbore anterior, será obrigación do adxudicatario proceder a súa retirada, abonando o concello a baldosa hidráulica si resultara danada. A man de obra necesaria será por conta do adxudicatario.

b) PODA DE RAÍCES.

1. Se non é posible manter unha relación de equilibrio entre o volume do tronco, ramas e follas co sistema radicular por un trasplante ou obra, etc., se executarán podas de raíces para restablecer o equilibrio baixo as indicacións da Dirección Facultativa.
2. Para a poda de raíces se usarán instrumentos afilados e desinfectados para cada árbore. Os cortes serán rectos, nunca sesgados, cortando as raíces defectuosas e machacadas. Non se tocarán as raíces pequenas, sendo a mínima sección de corte de 1,5 cm. de diámetro.

d) Mantemento e conservación de titores, protectores, pilones, suxeicións e entramados das árbores públicas.

O adxudicatario conservará e manterá en perfectas condicións os elementos de mobiliario urbán de protección, suxeición e ornamentación das árbores públicas. Esta conservación e mantemento afectará, en todo caso, a:

- Titores
- Protectores
- Suxeicións
- Reixas

As árbores contarán con protectores, titores e suxeicións ata alcanzar os 18/20 cm. de perímetro a unha altura de 1,30 m. do chan; unha vez alcanzada esa medida o adxudicatario deberá retirar o protector, titor e suxeición e depositalo onde indiquen os Técnicos Municipais.

Asimismo, en caso necesario, deberá repoñerse a reixa de protección na gabia que será suministrada polo Concello.

e) Rego da arborada pública



1. Para o rego das árbores públicas unicamente se aceptarán augas puras, clasificadas como potables, con concentracións salinas inferiores ó 5% e con residuos sólidos inferiores ó 2%.
2. Non se admitirán augas para o rego de árbores públicas con PH inferior a 6 ni superior a 9.
3. O rego se executará ata a capacidade de campo do solo.
4. Naqueles casos en que non exista rede pública de augas donde conectar as mangueriras de rego, se regará mediante cisternas con capacidade mínima de 5.000 litros, presión mínima de 8 kg/cm² e mangueriras de 30 m. de longitude. As cisternas se manterán en perfecto estado e a disposición do Concello os 365 días do ano.

f) Desbroce, preparación do solo, acolchado e outros traballos nas gabias e círculos perimetrales de plantacións de árbores públicas.

1. Toda-las árbores públicas de plantacións lineais sen rego automático deberán ter unha gabia proporcional o seu tamaño, de modo que poidan recoller as augas pluviais ou de rego no automático e en donde se poidan efectuar labores ó terreo có fin de evitar perdas de auga e competencias con outras plantas. As árbores estarán centradas no mesmo e o tamaño mínimo establecido é de 1 m. x 1 m. x 0,80 m. de profundidade.
2. Toda-las árbores públicas de plantacións dentro dos xardíns, deberán dispoñer dun círculo perimetral de terra removida proporcional ó tamaño da súa copa e coa mesma finalidade que as gabias definidas no apartado 1. O tamaño mínimo establecido é un círculo de 0,5 R metros de radio, sendo R o radio da copa da árbore.
3. O desbroce das gabias e círculos perimetrais se executará cunha fouce, podón ou motodesbrozadora e ten como finalidade diminuír ou eliminar a competencia que sobre as árbores exerce a vegetación espontánea, ademais de facilitar a preparación do solo, sacha e aboado. En ningún caso os útiles de desbroce afectarán o tronco ou as raíces das árbores nin se usarán plásticos ou herbicidas có mesmo fin.
4. A preparación do solo se executará cun sacho ou picaraña e ten como finalidade romper a casca superficial do solo facendoo máis permeable ó auga e aire, evitando a evaporación nas épocas de escasa precipitación por rotura da rede capilar. Esta operación poderá aproveitarse para a extracción de malas herbas ou sachadura. En ningún caso os útiles de preparación do solo afectarán ó tronco ou ás raíces das árbores nin variará o nivel do solo de plantación.
5. A frecuencia das operacións de desbroce e preparación do terreo será a seguinte:
 - Tres veces en meses alternos desde o 1 de abril ó 30 de setembro.
 - Unha vez durante o resto do ano.
 - Unha vez adicional en calquera época, cando así o solicite a Dirección Facultativa.
6. O acolchado se executará añadindo a follaxe e ramallada descomposta ou material similar á capa superior do solo na liña de goteo da copa ou gabia. Ten como finalidade a incorporación e mantemento das micorrizas, aumentar a humidade do solo e dificultar competencias coas malas herbas. A frecuencia desta operación será dunha vez o ano.



Servicios Externos
mjgr

7. Se limparán as gabias de papeis, cascallos e outros restos, previamente á realización do desbroce e preparación do solo para a maior eficacia destes.

g) Aplicación de produtos fitosanitarios nas árbores de alineación na rúa.

Debido á delicada situación das árbores de alineación e para non producir ningún tipo de molestias ós veciños, a aplicación de produtos fitosanitarios a árbores situadas próxima a vivendas deberá facerse a partir das doce da noite.

8.4 CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE PALMEIRAS

Non deben podarse de igual maneira toda-las palmeiras, xa que cada especie e cada individuo posúe unha necesidades particulares de poda.

1. Palmeiras adultas

- Cortar soamente as follas totalmente secas, conservando todas aquelas follas verdes en bó estado.
- Respetar a forma esférica natural da coroa.
- Cortar, como máximo e só si é estrictamente necesario, unha única volta de follas verdes e sempre das maduras, nunca das adultas.
- Suprimir as follas que romperan durante tormentas e temporais.

2. Palmeiras xoves

- Eliminación de follas mortas, inflorescencias
- Reducción das follas verdes que molesten a 1/3 da súa lonxitude en vez da súa eliminación total.
- Atado das follas sen que queden demasiado apertadas.

3. O corte

- Conservar as tabalas si están fortemente adheridas.
- Non cortar as follas vellas a ras do estipe.
- Realizar cortes limpos sen desgarros.
- Dirixir o golpe de corte hacia a palmeira, nunca de lado.

4. Limpeza da coroa e o estipe

- Non se debe repelar ou limpar o estipe máis do estrictamente necesario.
- Non se debe limpar o estipe se as vaíñas foliares non se desprenden soas ou con facilidade.
- Non se deben producir feridas ó estipe por ser foco de entrada de fungos.
- Eliminar as herbas da coroa.
- Eliminar as plantas trepadoras do estipe.
- Eliminar as espiñas do estipe e pecíolos, si poden resultar perigosas.

5. Mellora do solo



Servicios Externos
mjgr

No caso de que se detecten problemas orixinados por deficiencias do solo deberán paliarse, sendo as principais operacións:

- Aporte de area de granulometría > 0,1 mm.
- Aporte de materia orgánica.
- Aireación
- Escarificación

8.5 CONSERVACIÓN E MENTEMENTO DE XARDINEIRAS

Se realizará a conservación e mellora de toda-las xardineiras municipais situadas nas rúas e prazas públicas, das que se adxunta o emprazamento e modelo.

O Concello poderá ordear ó adxudicatario todos aqueles traballos que xuzgue oportunos, ben sexan plantacións, cambeos de ubicación, cambeo de sustrato, abonados, regos, ..., sen que isto implique bonificación algunha.

Descrición dos traballos:

1. Regos
2. Abonos
3. Tratamentos fitosanitarios.
4. Poda
5. Limpeza
6. Renovación de plantacións
7. Traslado de xardineiras ó viveiro do adxudicatario

1. Regos.

Dada a especificidade climática do concello non se establece calendario de regos, se ben comprende os doce meses do ano sempre que sexa necesario. O adxudicatario dispoñerá dos equipos móbiles precisos para regar todas e cada unha da xardineiras contratadas. Se por negligencia ou calquer outro motivo o adxudicatario causara danos ás plantas das xardineiras obxeto do contrato, por non regar coa frecuencia necesaria, ou por exceso de rego, correrá cos gastos dos danos que pola Dirección Facultativa se valoren.

A auga consumida nesta función será pola conta do Concello, debendo o adxudicatario non usar máis auga que a estritamente necesaria para o rego, coidando de que non se produzan perdas por bocas de rego mal pechadas ou calquer outro motivo.

2. Abonados

Se efectuarán dous abonados anuais: un a principios de primaveira e outro no outono. Se empregarán abonos recubertos de resina que conteñan os tres macroelementos (nitróxeno, fósforo e potasio) en cantidade non inferior ós 3 gr/l de sustrato. O período do abono utilizado nunca será inferior ós 6 meses.

En calquera caso, a formulación e doses de fertilizante químico a utilizar será comunicado ó Técnico Municipal, dependendo das condicións das xardineiras.

3. Tratamentos fitosanitarios



A inspección fitosanitaria das xardineiras estará a cargo do persoal técnico da contrata, con independencia da labor de tutela e toma de decisións da Dirección Facultativa; polo tanto, todo dano que se produza nos elementos vexetais por deixadez desta función, será responsabilidade do adxudicatario, quen deberá abonar os danos que os Técnicos Municipais valoren.

Igualmente se manterá un servizo de vixianza para realizar os tratamentos específicos adecuados ante a aparición de calquer tipo de enfermidade ou ataque de insectos.

4. Poda.

As labores de poda se consideran un traballo continuo que deberá realizarse cada vez que se atende a xardineira na que se encontran ditas plantas e non como unha operación puntual e excepcional.

A poda se realizará sempre na época adecuada e os cortes deberán ser limpos.

Se deberá ter en conta:

- Os arbustos que florecen nas ramas do ano se podarán inmediatamente despois da floración.
- Os que florecen nas ramas do ano anterior se podarán inmediatamente despois da floración.
- Os arbustos de follaxe ornamental se podarán no outono.
- A poda deberá tender sempre a conseguir a máxima ventilación e soleamento de tódalas partes da planta.
- As ramas que se suprimen definitivamente deberán cortarse o máis raso posible no seu punto de inserción.
- Os restos da poda deberán retirarse e ser transportados ó vertedoiro diariamente.
- Toda-las ramas mortas e partes secas deberán eliminarse na operación de poda.

5. Limpeza

O persoal dependente do adxudicatario dedicará unha atención constante e meticulosa á limpeza de tódalas xardineiras.

Esta labor consistirá na eliminación, tanto da vexetación de crecemento espontáneo, así como follas caídas, flores secas ou danadas, restos dos recortes e podas, desperdicios e lixo.

A obrigação do adxudicatario non se limita á recollida e amontoamento dos citados materiais, senon que se complementará coa retirada inmediata de todas elas.

Estas operacións de limpeza se realizarán cantas veces sexan necesarias para que a xardineira presente un bó estado de limpeza.

6. Renovación de plantacións

Estas labores consistirán na substitución ou renovación das plantas permanentes ou de tempada, árbores, arbustos, vivaces, bienais, anuais e sarmentosas, que houberan perdido ou mingado



Servicios Externos
mjgr

considerablemente súas características ornamentais ou ben que o seu precario estado botánico faga prever tal situación para un futuro próximo. Asimismo poderá ser ordenada esta operación cando, a xuízo da Dirección Facultativa, as necesidades de ornamentación así o aconsellen.

7. Traslado de xardineiras ó viveiro do adxudicatario

A Dirección Facultativa poderá ordenar cantas veces considere necesario o cambeo ou substitución total da xardineira ou balconera, debendo ser realizado polo adxudicatario sen custo algún para o Concello.

As xardineiras que sexan designadas se retirarán das rúas desde o 15 de outubro ó 15 de abril ó viveiro do adxudicatario. As operacións de carga e descarga serán a cargo do adxudicatario.

B. PREGO DE MANTEMENTO ESPECIAL



Servicios Externos
mjgr

B. PREGO DE MANTENIMENTO ESPECIAL

O obxeto do presente Prego de Condicións Técnicas de Mantemento Especial é o de fixar as bases que han de regular a contratación das labores que han de realizarse nos xardíns e praderías que polas súas características non necesiten un mantemento continuo como outros.

1. REQUISITOS XERAIS

Se esixen os mesmos que para o Prego de Mantemento Normal.

2. CARTOGRAFÍA

Se esixe o mesmo que para o Prego de Mantemento Normal.

3. VARIACIÓN DA SUPERFICIE DE ACTUACIÓN

Se esixe o mesmo que para o Prego de Mantemento Normal.

4. CONTROL DA PRESTACIÓN DE SERVICIOS

Se esixe o mesmo que para o Prego de Mantemento Normal.

5. MAQUINARIA, ÚTILES, FERRAMENTAS, VEHÍCULOS E LOCAIS



Servicios Externos
mjgr

Se esixe o mesmo que para o Prego de Mantemento Normal.

6. PERSOAL

Se esixe o mesmo que para o Prego de Mantemento Normal.

7. SEGURO

Se esixe o mesmo que para o Prego de Mantemento Normal.

8. LABORES QUE ALCANZA O SERVIZO A PRESTAR Ó CONCELLO POR PARTE DO CONTRATISTA

Se atenderá en tempo e forma as labores mínimas que se detallan a continuación:

Conservación de xardíns, praderías e zonas de maleza.

Plantación e/ou reposición.

Poda.

CONSERVACIÓN DE XARDÍNS, PRADERÍAS E ZONAS DE MALEZA

- a) Rego e conservación da rede
- b) Segar do céspede
- c) Recorte e poda con tesoiras ou cortasetos, conservación de trazado de setos
- d) Limpeza

- a) Rego e conservación da rede.

No caso de existir novas plantacións de árbores e/ou arbustos o adxudicatario terá a obrigaón de regar os mesmos durante o primeiro ano de implantación.

O mantemento da instalación de rego (bocas de rego) será por conta do adxudicatario excepto roturas ou desperfectos por causas alleas ó mesmo.

A auga consumida será por conta do Concello, debendo o adxudicatario non usar máis da estritamente necesaria, coidando que non se produzan perdas por bocas de rego mal pechadas ou calquer outro motivo e avisando inmediatamente ó Concello en caso de producirse calquer avaría.

Se polo incorrecto cumprimento deste extremo ou da realización dos regos, se produjeran derrames de auga, erosións do terreo opu outros prexuízos ó adxudicatario restablecerá pola súa conta a situación primitiva de toda a zona danada e abonará, no seu caso, o importe do volume da auga derramada.

Previa autorización do Concello, o adxudicatario poderá realizar o seu cargo melloras na rede de rego, que quedarán en propiedade do Concello.



Servicios Externos

mjgr

b) Segar dos céspedes.

Se realizarán coa frecuencia precisa para que a herba non alcance unha altura superior a 12 cm. Durante os meses de xuño, xullo e agosto se dará un corte cada mes no caso que non se alcanzara antes a altura indicada de 12 cm.

A recollida da corta se realizará polo adxudicatario xestionando os residuos xerados.

c) Recorte e podas con tesoiras

Se realizará dúas veces ó ano en forma e época precisa para a mellor vexetación das plantas.

Para cada tipo de setos, os Servizos Técnicos Municipais determinarán se o seu crecemento deberá ser libre ou controlado, a frecuencia dos recortes, etc. ...

d) Limpeza

O persoal dedicará unha atención constante e metódica á limpeza de toda-las superficies comprendidas en zonas verdes, cada vez que se realicen as labores propias do mantemento.

Esta labor consistirá na eliminación tanto da vexetación de crecemento espontáneo: malas herbas, maleza, etc., follas caídas, restos de labores de sega, recortes e podas, así como desperdicios e lixo que, por claquer procedemento, cheguen ás zonas que son obxecto deste servizo.

Estas labores non se limitan ó varrido, recollida e amontoamento das indicadas materias, dentro das superficies verdes, senon que se completará coa retirada INMEDIATA de todas elas fora do recinto das zonas verdes.

8.2 PLANTACIÓN E/OU REPOSICIÓN.

O adxudicatario estará obrigado a efectuar, sempre que os Servizos Técnicos Municipais estimen oportuno, a plantación e/ou reposición de árbores nas zonas obxecto de mantemento. O Xefe de Servizos Externos facilitará as árbores obxecto de plantación ou indicará as especies e diámetro a mercar polo adxudicatario previo presuposto aprobado.

8.3 CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ÁRBORES.

Igual que no mesmo apartado do Prego de Mantemento Normal.



Servicios Externos
mjgr

3. PREZO MÁXIMO



Servicios Externos
mjgr

C. PREZO MÁXIMO DO CONTRATO

1. PRESUPOSTO ANUAL ZONA 3

UNIDADES	CONCEPTO	EUROS / m ² / ANO	TOTAL EUROS
43.873,00 m ²	Mantemento normal de zona verde según Prego específico	3,80	166.717,40 €
234.701,50 m ²	Mantemento especial de zona verde Según Prego específico	1,85	434.197,78 €
537 uds.	Mantemento de árbore	28	15.036,00 €
18 uds.	Mantemento de xardineira	220	3.960,00 €
	TOTAL	619.911,18 €

2. BASE DE PREZOS.

Para realizar a oferta durante a duración do mantemento dos xardíns, se empregará a Base de Prezos publicada pola Asociación Española de Parques e Xardíns Públicos.



Servicios Externos
mjgr

NARÓN, NOVIEMBRE DE 2.012

O XEFE DE SERVIZOS EXTERNOS

ASDO. FRANCISCO GARCÍA GATO

4. RELACIÓN DE XARDÍNS



Servicios Externos
mjgr

Nº	NOME	MANTENIMENTO ESPECIAL			MANTENIMENTO NORMAL			Suma total
		Superficie/m2	€/m2/ano	Total €/ano	Superficie/m2	€/m2/ano	Total €/ano	
1	Praza Ponte de Xuvia	0,00	0,00	0,00	260,00	3,80	988,00	988,00
2	Praza do Concello	392,00	1,85	725,20	0,00	0,00	0,00	725,20
3	Paseo Marítimo de Xuvia mais melloras	68.500,00	1,85	126.725,00	0,00	0,00	0,00	126.725,00
4	Praza Irmans Freire	0,00	0,00	0,00	2.980,00	3,80	11.324,00	11.324,00
5	Praza Cachaza	57,00	1,85	105,45	0,00	0,00	0,00	105,45
6	Praza Rio Arnoia	439,00	1,85	812,15	0,00	0,00	0,00	812,15
7	Praza Casa Vicente	0,00	0,00	0,00	385,00	3,80	1.463,00	1.463,00
8	Praza Feal o lado do Portuxes mais melloras	1.140,00	1,85	2.109,00	0,00	0,00	0,00	2.109,00
9	Praza enfrente Local Social Piñeiros	128,00	1,85	236,80	0,00	0,00	0,00	236,80
10	Praza a carón Igrexa de Piñeiros	0,00	0,00	0,00	562,00	3,80	2.135,60	2.135,60
11	Praza Vivendas Profeco	196,00	1,85	362,60	0,00	0,00	0,00	362,60
12	Praza Alvaro Paradela	16,00	1,85	29,60	0,00	0,00	0,00	29,60
13	Praza Rua Areosa	0,00	0,00	0,00	25,00	3,80	95,00	95,00
14	Praza Rio Mandeo	0,00	0,00	0,00	395,00	3,80	1.501,00	1.501,00
15	Praza Bimbieiro mais melloras	2.555,00	1,85	4.726,75	0,00	0,00	0,00	4.726,75
16	Praza Vivendas Amenadás	143,50	1,85	265,48	0,00	0,00	0,00	265,48
17	Praza enfrente Nave Servicios	0,00	0,00	0,00	125,00	3,80	475,00	475,00
18	Rotonda Freixeiro (1ª fase parque Fluvial)	0,00	0,00	0,00	9.837,00	3,80	37.380,60	37.380,60
19	Parque Fluvial Rio Freixeiro (2ª fase a 4ª fase)	29.839,00	1,85	55.202,15	0,00	0,00	0,00	55.202,15
20	Accesos autopista Freixeiro	3.840,00	1,85	7.104,00	0,00	0,00	0,00	7.104,00
21	Xardins Rua Ortigueira	0,00	0,00	0,00	280,00	3,80	1.064,00	1.064,00
22	Praza Finca de Arzúa	1.859,00	1,85	3.439,15	0,00	0,00	0,00	3.439,15
23	Praza Finca de Arzúa (fonte)	595,00	1,85	1.100,75	0,00	0,00	0,00	1.100,75
24	Paraza Rua Santa Tecla	1.375,00	1,85	2.543,75	0,00	0,00	0,00	2.543,75
25	Praza Rua Camiño do Piñeiro	0,00	0,00	0,00	824,00	3,80	3.131,20	3.131,20
26	Praza Galicia	0,00	0,00	0,00	4.955,00	3,80	18.829,00	18.829,00
27	Praza Biblioteca e arrededores	823,00	1,85	1.522,55	0,00	0,00	0,00	1.522,55
28	Parque "Ciudad Europa"	135,00	1,85	249,75	300,00	3,80	1.140,00	1.389,75
29	Praza Rua Pascual Veiga	131,00	1,85	242,35	0,00	0,00	0,00	242,35



NARÓN

Servicios Externos

mjgr

57	Rotonda San Mateo	680,00	1,85	1.258,00	0,00	0,00	0,00	1.258,00	
58	Rotonda Castro	175,00	1,85	323,75	0,00	0,00	0,00	323,75	
59	Area Feira do Trece	5.200,00	1,85	9.620,00	0,00	0,00	0,00	9.620,00	
60	Area recreativa muiño de Pedroso	17.650,00	1,85	32.652,50	0,00	0,00	0,00	32.652,50	
61	Area Local Social do Couto	2.690,00	1,85	4.976,50	0,00	0,00	0,00	4.976,50	
62	Local Social Castro (ganadeira)	65,00	1,85	120,25	0,00	0,00	0,00	120,25	
63	Local Social Castro (Chousa)	2.885,00	1,85	5.337,25	0,00	0,00	0,00	5.337,25	
64	Local Social Sedes	635,00	1,85	1.174,75	0,00	0,00	0,00	1.174,75	
65	Entorno Local Social Doso	572,00	1,85	1.058,20	0,00	0,00	0,00	1.058,20	
		MANTENIMENTO	ESPECIAL		MANTENIMENTO	NORMAL			
Nº	NOME	Superficie/m2	€/m2/ano	Total €/ano	Superficie/m2	€/m2/ano	Total €/ano	Suma total	
66	Parque Alto do Castaño	0,00	0,00	0,00	363,00	3,80	1.379,40	1.379,40	
67	Parque 25 de Xullo	0,00	0,00	0,00	1.472,00	3,80	5.593,60	5.593,60	
68	Triangulo Sta. Tecla	0,00	0,00	0,00	314,00	3,80	1.193,20	1.193,20	
69	Entrada Autovia	1.554,00	1,85	2.874,90	0,00	0,00	0,00	2.874,90	
70	Enfrente Pazo Cultura	0,00	0,00	0,00	2.600,00	3,80	9.880,00	9.880,00	
71	Enfrente a Froiz	0,00	0,00	0,00	327,00	3,80	1.242,60	1.242,60	
72	Fonte da Cruz	0,00	0,00	0,00	705,00	3,80	2.679,00	2.679,00	
73	Local Social (Novo Solana)	0,00	0,00	0,00	2.338,00	3,80	8.884,40	8.884,40	
74	Mercadona A Gándara	0,00	0,00	0,00	2.280,00	3,80	8.664,00	8.664,00	
75	Odeón esquina Rúa Lleida	0,00	0,00	0,00	394,00	3,80	1.497,20	1.497,20	
76	Rúa Pombal esquina Rúa Rosalia de Castro	0,00	0,00	0,00	147,00	3,80	558,60	558,60	
77	Plaza Asilo	0,00	0,00	0,00	697,00	3,80	2.648,60	2.648,60	
78	Parque Freixeiro a carón Cemiterio	2.460,00	1,85	4.551,00	0,00	0,00	0,00	4.551,00	
79	Rúa Italia	1.425,00	1,85	2.636,25	0,00	0,00	0,00	2.636,25	
	TOTAL	234.701,50		434.197,78 €	43.873,00		166.717,40 €		600.915,18
		UNIDADES	€/unidade	Total€/ano					
66	Arbores Urbanización "Ciudad Europa"	140,00	28,00	3.920,00				3.920,00	



Servicios Externos
mjgr

67	Arbores Urbanización Couto	62,00	28,00	1.736,00				1.736,00	
68	Arbores Estrada de Castela	308,00	28,00	8.624,00				8.624,00	
69	Arbores Praza San Roque	3,00	28,00	84,00				84,00	
70	Arbores Praza Ponte de Xuvia	19,00	28,00	532,00				532,00	
71	Arbores Praza Alvaro Paradela	5,00	28,00	140,00				140,00	
	TOTAL	537,00		15.036,00					
72	Xardiñeiras Praza Galicia	18,00	220,00	3.960,00				3.960,00	
	TOTAL	18,00							18.996,00
					TOTAL ANUAL			619.911,18	619.911,18
		43.873,00	M ² Mantinimento normal						
		3,80							
		166.717,40							
		234.701,50	M ² Mantinimento especial						
		1,85							
		434.197,78							
		537,00	Unidades de arbores						
		28,00							
		15.036,00							
		18,00	Xardiñeiras						
		220,00							
		3.960,00							
		619.911,18							



Servicios Externos
mjgr